

MYKES

Boletín do Grupo Micológico Galego
“Luis Freire”

Volume 12
2009

NOTAS SOBRE O XÉNERO *BUCHWALDOBOLETUS* PILÁT EN GALICIA
E NORTE DE PORTUGAL

por
J.B.BLANCO-DIOS *et* J.L.TOMÉ ORTEGA*

BLANCO-DIOS, J.B. *et* TOMÉ ORTEGA, J.L. 2009. Notas sobre o xénero *Buchwaldoboletus* Pilát en Galicia e norte de Portugal. *Mykes* 12: 45-50.

RESUMO:

Apórtanse dúas citas de *Buchwaldoboletus lignicola* para a provincia de Pontevedra, que son novidade para o noroeste da Península Ibérica. Revísanse as mencións de *Buchwaldoboletus hemichrysus* para o territorio estudado e engádese unha localidade desta especie para Pontevedra e outra para Minho (Portugal), provincia onde cremos non estaba citada anteriormente.

Palabras clave: *Boetales*, *Buchwaldoboletus*, Galicia, Península Ibérica.

BLANCO-DIOS, J.B. *et* TOMÉ ORTEGA, J.L. 2009. Notes on the genus *Buchwaldoboletus* Pilát in Galicia and north of Portugal. *Mykes* 12: 45-50.

SUMMARY:

Buchwaldoboletus lignicola is mentioned for the province of Pontevedra, we provided two new records for the northwest of the Iberian Peninsula. The mentions of *Buchwaldoboletus hemichrysus* are checked for the studied territory and is added a locality of this species for Pontevedra and other one for Minho (Portugal), province where we believe was not mentioned previously.

Key words: *Boetales*, *Buchwaldoboletus*, Galicia, Iberian Peninsula.

INTRODUCCIÓN

O xénero *Buchwaldoboletus* Pilát ocupa un lugar marxinal no coñecemento que temos da Orde *Boetales* no territorio estudado. Esta circunstancia é, probablemente, debido ao reducido número de especies deste

*Asociación Micolóxica Brincaboís. R/ Fernando II, N° 6, 1° Esq. E-36003-Pontevedra. e-mail: jbblancodios@gmail.com; patouro@gmail.com

xénero coñecidas en Europa (2) e, sobre todo, á pouca frecuencia coa que normalmente as atopamos. Neste artigo revisamos a situación actual de coñecemento deste xénero en Galicia e aportamos dúas localidades de *Buchwaldoboletus lignicola* (Kallenb.) Pilát, que constitúen novidade para o noroeste da Península Ibérica.

METODOLOXÍA

Para a descrición macroscópica, utilizáronse as notas recollidas dos exemplares frescos e as fotografías tomadas no momento da recolección. Como reactivos para levar a cabo o estudio microscópico empregáronse vermello congo en auga ao 1%, e KOH ao 3%. As *exsiccata* consérvanse no herbario LOU-Fungi, situado no Centro de Investigación Forestal de Lourizán (Pontevedra), dependente da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.

CATÁLOGO DE ESPECIES

***Buchwaldoboletus hemichrysus* (Berk. et M.A.Curtis) Pilát, *Friesia* 9(1-2): 217. 1969**
(=*Pulveroboletus hemichrysus* (Berk. et M.A.Curtis) Singer, *Sydowia* 15(1-6): 82. 1961)

Píleo de 45-130 mm, ao comezo hemisférico, logo convexo, superficie pileica espesa, mole especialmente nos exemplares adultos, separable, lisa, algo visguenta con humidade, coa marxe moi enrolada ao comezo, ondulada. Superficie de cor amarela máis ou menos viva ou amarelo-ocre. Himenóforo constituído por tubos de 6-9 mm de ancho, ao comezo adnatos, logo lixeiramente decurrentes, de cor entre amarela a amarelo ocre, e que se manchan de cor azul-verdoso en contacto co aire; poros amplos na madurez, poligonais, primeiro de cor amarela, ocre cando son adultos, azul-verdosos ao presionalos ou rozalos. Estipe de 30-140 x 12-36 mm, macizo, cilíndrico, atenuado, liso, de cor entre amarela, amarelo-ocre e amarelo-alaranxado. Trama espesa, rapidamente branda no píleo, febreanta no estipe, abrancazada ou amarela e, ao expoñela ao aire, azulada ou verdea, especialmente arredor dos tubos. Olor fúnxico, sabor acidulado, agradable. Esporada de cor parda olivácea.

Esporas de ovoides a elípsoidais, lisas, gutuladas, de cor ocre amarelento en KOH ao 3%, (n=30) 6-7,5 (8) x 3-4 (4,5) μm , Q=1,6-2 (2,3), volumen medio=33 μm^3 . Basidios de 22-30 x 5-7 μm , tetraspóricos, claviformes, con esterigmas de 2,5-3,5 μm de longo, afibulados. Queilocistidios de 24-35 x 6-8 μm , fusiformes ou laxeniformes. Caulocistidios de 28-40 x 7-10 μm , claviformes, fusiformes. Pileipellis constituída por un tricotoderma de hifas misturadas, cilíndricas, septadas, afibuladas; elementos terminais cilíndricos, co ápice redondeado, 17-40 x 3-5 μm , Q=5-9, con pigmento intracelular amarelento en KOH ao 3%.

Citas bibliográficas

ESPAÑA, A CORUÑA: “Santiago, Santa Susana, [29TNH3647], sobre *Quercus*, restos podridos, VIII-1979 y X-1980” (CASTRO *et al.*, 1989) (*sub Boletus sulphureus* Fr. f. *sphaerocephala* Barla-Corb.); “Ames, Caroubáns, 29TNH2847, sobre tocón sin precisar, I-X-2000” (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ *et al.*, 2001) (*sub Pulveroboletus hemichrysus* (Berk. *et al.* Curtis) Singer); “Fisteria, octubre de 2002, creciendo en la base de un tocón de *Pinus pinaster*” (MARCOTE *et al.*, 2003) (*sub Pulveroboletus hemichrysus* (Bert. & Curt.) Singer). “Camariñas, outubro de 2006, crescendo na base dun toco de *Pinus pinaster*” (MARCOTE *et al.*, 2008). PONTEVEDRA: “Vigo, Beade, [29TNG2471], sobre *Pinus*, serraduras, 12-XI-1978” (CASTRO *et al.*, 1982); “[idem], en bosque de *Pinus*, [19-XI-1978]” (CASTRO, 1985) (*sub Boletus sulphureus* Fr. f. *sphaerocephala* Barla-Corb.).

Material estudado

ESPAÑA, PONTEVEDRA: Vigo, Zamáns, 29TNG2566, 360 m, en toco de *Pinus pinaster* nun área recreativa onde predomina esta especie, 8-XI-2003, J.B. Blanco-Dios, LOU-Fungi 19478.

PORTUGAL, MINHO: Caminha, Pinhal de Camarido, 29TNG1134, 10 m, sobre toco de *Pinus pinaster*, en dunas, 13-X-2007, J.B. Blanco-Dios, LOU-Fungi 19482.

Observacións

Especie que semella ser pouco frecuente en Galicia. Cremos que a cita de Minho (Portugal) é a primeira para esta provincia portuguesa. Este taxon caracterízase por presentar frutificacións robustas, de cor amarela, amarela-ocre, trama que azulea en contacto co aire, e frutifica en tocos de piñeiro (*Pinus spp.*), en ambiente mediterráneo (MUÑOZ, 2005), polo que sería interesante volver a encontrar os exemplares que se citan sobre *Quercus* (CASTRO *et al.*, 1989) para verificar a súa identidade.

Buchwaldoboletus lignicola (Kallenb.) Pilát, *Friesia* 9(1-2): 217. 1969

Píleo de 30-150 mm, de hemisférico a plano convexo, algo tomentoso, coa marxe ao comezo involuta. Superficie pileica mole, de cor entre amarela, alaranxada e ocre, ás veces con tonalidades avermelladas-purpúreas. Himenóforo constituído por tubos de 5-8 mm de largo, de adnatos a lixeiramente decurrentes, de cor amarela intenso cando son novos, logo amarelo ocre, amarelo oliváceos ou verde-azulados ao contacto co aire. Poros de pequeno tamaño, poligonais, da cor dos tubos, máchanse de amarelo

oliváceo, azul ou verde-azulado ao presionalos ou rozalos. Estipe de 25-80 x 5-71 mm, macizo, con tendencia a ser cilíndrico nalgúns exemplares, noutros é subfusiforme, atenuado, curvado na maioría dos exemplares estudados, aveludado, aproximadamente concolor ao píleo salvo nas proximidades de poros, onde é concolor a estes, con manchas vermellas na madurez, debilmente azul-verdoso ao tacto e con restos de micelio amarelo na base. Trama do píleo espesa, que amolece nos exemplares adultos, no estipe fibrosa, amarelenta (salvo a base, de cor ocre-marrón), ao contacto co aire vira a tonalidades verdes ou azuladas no píleo especialmente arredor do himenóforo ou azul pálido máis ou menos intensamente en todo o carpóforo, salvo a base, que se mantén de cor ocre-marrón, e baixo a cutícula, que vira a esta cor. Olor intenso e agradable, semellante a *Lactarius deliciosus*. Sabor acidulado, agradable. Esporada de cor parda olivácea.

Esporas elipsoides, lisas, gutuladas, de cor ocre amarelento en KOH ao 3%, (6,7) 7,3-8,5 (9) x 2,5-3,5 (3,7) μm (mostras de Salceda de Caselas), (7) 7,7-8,5 (9,5) x 3,2-3,8 μm (mostras de Gondomar), $Q=(1,9)$ 2,1-2,7 (3), volumen medio=29 μm^3 (Salceda de Caselas), 49 μm^3 (Gondomar), (n=30). Basidios de 22-32 x 4-7 μm , tetraspóricos, claviformes, con esterigmas de 2,5-4 μm de longo, afibulados. Queilocistidios de 27-36 x 7-10 μm , fusiformes ou laxeniformes. Caulocistidios de 14-28 x 5-6 μm , claviformes. Pileipellis constituída por un tricoderma de hifas cilíndricas, septadas, afibuladas; elementos terminais cilindráceos, co ápice redondeado, de 18-35 x 4-6 μm , $Q=6-9$, con pigmento intracelular amarelento en KOH ao 3%.

Material estudado

ESPAÑA, PONTEVEDRA: Salceda de Caselas, Entenza, 29TNG3657, 90 m, sobre toco de *Pinus pinaster* descalzado e derrubado polo vento, 24-X-2003, J.B.Blanco-Dios, LOU-Fungi 19479; *ibidem*, 10-XI-2004, J.B.Blanco-Dios, LOU-Fungi 19480; *ibidem*, 3-XI-2005, J.B.Blanco-Dios, LOU-Fungi 19481. Gondomar, Donas, 29TNG1758, 400 m, sobre toco de *Pinus radiata*, 10-X-2010, J.L.Tomé Ortega, LOU-Fungi 19485.

Observacións

Rara especie de tendencia montana que, principalmente, fructifica sobre tocos de *Larix spp.* e *Pseudotsuga menziesii*. Nas dúas localidades atópase sobre un xénero menos habitual, *Pinus*, e, na cita de Salceda de Caselas, a baixa altitude (90 m sobre o nivel do mar), nun piñeiral rico en especies raras ou pouco frecuentes, pois nel se recolectaron nos últimos anos o holotypus de *Sparassis miniensis* Blanco-Dios et Zheng Wang (BLANCO-DIOS et al, 2006),

Boletus erythropus var. *junquilleus* (Quél.) Muñoz (BLANCO-DIOS, 2005, sub *B.junquilleus* (Quél.) Boud.) ou *Tricholoma colossus* (Fr.) Quél. (BLANCO-DIOS, 2006).

Os exemplares de Salceda de Caselas (fotos 1,2 e 3) presentan dimensións morfolóxicas e esporais considerablemente inferiores aos de Gondomar (fotos 2, 3 e 4). Na Península Ibérica, segundo os datos dispoñibles, este taxon coñécese sómentes de Araba e de Bizkaia (FERNÁNDEZ *et al.*, 2001; MUÑOZ, 2005). Especie incluída no borrador da “*Lista roja de los hongos a proteger en la Península Ibérica*” (ANÓNIMO, 2008) e na proposta de Lista Vermella de Galicia (CASTRO, *com. pers.*).

Diferénciase ben de *B.hemichrysus* tanto macroscopicamente (nesta outra especie as frutificacións son habitualmente de maior tamaño, píleo e estipe de cor amarela, amarela-ocre, amarela-alaranxada en exemplares vellos, e porque normalmente frutifica en tocos de piñeiro (*Pinus spp.*) en ambiente mediterráneo) como microscopicamente, sobre todo pola forma e tamaño esporal, elipsoides en *B.lignicola* e de ovoides a elipsoides en *B.hemichrysus* (MUÑOZ, 2005).



Fotos 1-3. *Buchwaldoboletus lignicola*.

AGRADECIMENTOS

A José Antonio Muñoz Sánchez (Trapagarán, Bizkaia), polas valiosas informacións aportadas e ao Centro de Investigación Forestal de Lourizán (Consellería de Medio Rural, Xunta de Galicia), por facilitarnos a xestión e conservación do herbario LOU-Fungi.

BIBLIOGRAFÍA

- ANÓNIMO, 2008. *Lista roja de los hongos a proteger en la Península Ibérica*. Ed. Adesper. León.
- BLANCO-DIOS, J.B. 2005. Novedades corolóxicas de macromicetos do noroeste da Península Ibérica. *Mykes* 8: 51-54.
- BLANCO-DIOS, J.B. 2006. *Tricholoma colossus*, unha especie ameazada en Europa: distribución coñecida e novas localidades en Galicia. *Mykes* 9: 85-92.
- BLANCO-DIOS, J.B., WANG, Z., BINDER, M. et HIBBETT, D.S. 2006. A new *Sparassis* from Spain described using morphological and molecular data. *Mycol. Res.* 110(10): 1227-1231.
- CASTRO, M., CASTRO, M.L., FREIRE, L. et CABO REY, L. 1989. Micetación de un parque urbano: Alameda de Santiago (La Coruña). *Braña, monogr.* 1: 73-85.
- CASTRO, M.L. 1985. *Macromicetos de pinares gallegos*. Universidad de Santiago de Compostela.
- CASTRO, M.L. et FREIRE, L. 1982. Aportación a los macromicetos de los pinares de Galicia (España). *Trab. Compostelanos Biol.* 9: 97-137.
- FERNÁNDEZ, J., PÉREZ, J.L. et UNDAGOITIA, J. 2001. *Pulveroboletus lignicola* (Kallenbach) Pilát y *Suillus viscidus* (L.) Roussel: dos interesantes taxones hallados en el norte de la Península Ibérica. *Yesca* 13: 39-41.
- MARCOTE, J.M.C., POSE, M. et TRABA, J.M. 2003. *Setas de Galicia*. Xunta de Galicia.
- MARCOTE, J.M.C., POSE, M. et TRABA, J.M. 2008. *Cogomelos de Galicia*. Xunta de Galicia.
- MUÑOZ SÁNCHEZ, J.A. 2005. *Boletus s.l. (excl. Xerocomus). Strobilomycetaceae, Gyroporaceae, Gyrodontaceae, Suillaceae, Boletaceae*. Ed. Candusso. Italia.
- RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ, J. et CASTRO, M.L. 2001. Fragmenta chorologica occidentalia, Fungi, 7700-7727. *Anales Jard. Bot. Madrid* 59(1): 139-141.